



Ollos abertos

A forza da natureza

Hai cousas na natureza que nos enchen de admiración pola súa grandeza: poden facer dano pero, se se utilizan ben, darannos grandes beneficios.

■ ¿Fixácheste en...?

- A forza do **vento** é capaz de arrasar casas e poboados, de arrancar árbores... pero tamén de producir moita enerxía nun parque eólico.
- A forza da **auga** leva construcións, rochas, terra nunha riada..., pero tamén move turbinas que producen electricidade.
- A forza do **lume** inflámase e reduce a cinza edificios ou bosques..., pero tamén produce calor para cocinar os alimentos, purificar os metais...
- A forza da **electricidade** nunha descarga pode matar persoas, pero tamén é capaz de mover motores e máquinas de gran potencia.

- ▶ ¿Fixácheste ben en todas estas forzas da natureza?
- ▶ ¿Que é o que máis admiras disto?
- ▶ ¿Que relación teñen estas fotos co que dixemos antes?
- ▶ ¿Que motores coñeces que funcionen con electricidade?



Mirada penetrante

A enerxía do amor

Non só admiramos a forza da natureza. Tamén admiramos o que son capaces de facer as persoas en favor doutras.

¿Que é o que move a María a levantarse cedo e a traballar todo o día para dar de comer aos seus fillos?

¿Que é o que move a Pedro a pasar noites sen durmir, para estar ao lado do seu fillo enfermo?

¿Que é o que moveu a Charo a pasar por entre as lapas para sacar ao seu fillo dun cuarto que estaba a arder?

¿Que é o que moveu á madre Tareixa de Calcuta e a outras persoas a vivir entre os pobres, ofrecerlles unha casa, roupa, menciñas, ensinalles a ler e a escribir?



Oídos atentos

O Espírito Santo

O Pai, en nome de Xesús, envía o Espírito Santo para unir aos fillos de Deus e guiar a Igrexa. Así faise realidade o Reino de Deus.

1 ■ ¿Que é o Espírito Santo?

Para falar do Espírito Santo empregamos símbolos que nos falan dunha realidade que non vemos pero que actúa realmente.

| O Espírito Santo é coma... | As accións do Espírito |
|--|--|
| 1 Aceite que nos fortalece, conságranos, santifícanos. | A Impoñíanlles as mans e recibíron o Espírito Santo. (Feit 8,17) |
| 2 Luz que nos ilumina para comprender a palabra de Xesús. | B Deus marcounos co seu selo e infundiú no noso corazón o Espírito. (2 Cor 1,22) |
| 3 Man que nos bendice, cúranos, échenos dos dons de Deus. | C Unha vez bautizado, Xesús... viu o Espírito de Deus baixar coma unha pomba ata se pousar enriba del. (Mt 3,16) |
| 4 Selo que nos marca coma fillos de Deus e irmáns de Cristo. | D Ao chegar o día de Pentecoste... Apareceron coma linguas de lume, que, repartidas, foron apousando sobre cada un deles. (Feit 2,1-3) |
| 5 Vento que nos empurra a seguir a Xesús e a anuncialo. | E Vós recibistes a unción que vén do Santo. (1 Xn 2,20) |
| 6 Lume que nos inflama no amor a Deus e aos irmáns. | F Veu do ceo un ruído, coma dun forte golpe de vento que encheu toda a casa... Quedaron cheos do Espírito Santo. (Feit 2,1-2.4) |
| 7 Pomba que descende e se pousa sobre nós. | G Cando veña o Espírito da verdade, havos encamiñar á verdade plena. (Xn 16,13) |

► Busca na columna da dereita o texto que corresponde aos símbolos que figuran na columna da esquerda. Escribe ao lado de cada número a letra que corresponda:


1..... 2..... 3..... 4..... 5..... 6..... 7..... 8.....

► ¿Cales son as dúas imaxes ou símbolos que che parecen máis expresivos? ¿Por que?

■ 2 ■ ¿Que fai o Espírito Santo?

| | | |
|---------------------------|-------------------------------|---|
| 1 Limpa - Rexenera | 2 Unifica - Reconcilia | 3 Resucita - Glorifica |
| | | Inaugura un ceo novo e unha nova terra. |
| A persoa | A Igrexa | O mundo |

- ▶ Cada un dos tres textos bíblicos seguintes refírense a unha das partes da táboa anterior: Persoa, Igrexa, Mundo. Escribe na liña de puntos unha das tres palabras que corresponda.



| | | |
|---|---|---|
| Envías, Señor, o teu Espírito e renóvase a cara da terra . (Sal 104,30) | A todos nos bautizaron nun único Espírito, para formarmos un só corpo: xudeus ou gregos, escravos ou libres. (1 Cor 12,13) | Deus escolleuvos dende o comezo para salvarvos santificándovos co Espírito. (2 Tes 2,13) |
|---|---|---|

**Por medio do Espírito todo se purifica,
transfórmase, perfecciónase.
Así vaise facendo realidade o Reino de Deus.**



Memoria esperta

A misión do Espírito Santo

A Igrexa, animada polo Espírito Santo, escóitao e trata de seguir as súas orientacións. Invítanos a nós a que tamén nos deixemos guiar por El.

- **¿Quen nos envía o Espírito Santo?**
- **¿Cal é a misión do Espírito Santo?**

- **¿Son o Pai, o Fillo e o Espírito Santo tres deuses?**



Mans activas

Da tensión á harmonía

O mundo sen o Espírito sería un **caos** (confusión e conflito) pero, grazas a El, convértese en **cosmos** (orde e beleza).

■ Do caos ao cosmos



A terra era unha masa disforme e baleira, as tebras cubrían o abismo; e o alento de Deus axitaba as augas. (Xén 1,2)

| CAOS | | COSMOS | |
|--|---|---|--|
| Confusión Conflito | Tensión Violencia | Orde Beleza | Harmonía Unión |
|  | <p>Sen orde, sen lei, sen guía, sen amor.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Cada un fai o que quere. ■ Cada un busca só o seu propio interese. |  | <p>Unido, ordenado, solidario, en paz.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Cada un cumpre co seu deber. ■ Todos respectan os dereitos dos demais. |

■ ¿Eu creo caos ou cosmos?

- ¿Teño ordenadas as miñas cousas, o meu cuarto, o meu armario, o meu pupitre?
- ¿Coido o meu aseo persoal e a limpeza dos lugares por onde paso?
- ¿Cumpro os meus deberes na casa, no colexio, na rúa e respecto as normas e leis?
- ¿Trato ben as cousas que uso, tanto as propias como as que son públicas?
- ¿Respecto as persoas procurando non molestar nin ofender nunca?

SI

NON

▶ Responde a cada unha das preguntas anteriores. Se predominan o síes, creas cosmos; se predominan os noes, creas caos.

▶ Concreta que facer para pasar do Non ao Si en cada caso.